

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

11088 *Resolución do 21 de outubro de 2013, do Consello de Goberno do Banco de España, pola que se aproba a modificación do Regulamento interno do Banco de España, do 28 de marzo de 2000.*

Durante o tempo transcorrido desde a aprobación do Regulamento interno do Banco de España sucedéronse diversas modificacións da súa Lei de autonomía, que afectaron, entre outros aspectos, a regulación das súas competencias en materia de circulación de billetes, sobre os sistemas de pagamento, a renovación e cesamento dos seus órganos reitores e o réxime do seu persoal. Por iso, considerouse oportuno modificar determinados preceptos do regulamento interno para adaptar o seu contido ao novo marco normativo.

En concreto, a inclusión do novo artigo 18, sobre política de persoal, pretende reflectir no regulamento interno as modificacións introducidas nesta materia pola disposición derradeira sexta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2013. De acordo con esas modificacións, o Banco de España, no exercicio da autonomía que se lle recoñece na definición da súa política de persoal, e sempre e cando iso non menoscabe a súa capacidade de realizar as súas funcións de maneira independente -tal e como recordou o Banco Central Europeo ao emitir o seu ditame ao respecto-, deberá aplicar medidas equivalentes ás que se diten para o persoal ao servizo do sector público, sen que poida acordar incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior ao establecido para o sector público.

Por último, aprovéitase a presente modificación para actualizar as disposicións relativas ao organigrama do Banco, co fin de adecualas á súa actual organización, así como determinadas referencias terminolóxicas que quedaran obsoletas. Tamén se introduce a posibilidade de que os membros da Comisión Executiva emitan o seu voto por teleconferencia.

De conformidade co artigo 21.1.f) da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, o Consello de Goberno, na súa sesión do día 21 de outubro de 2013, por proposta da súa Comisión Executiva e de acordo co Consello de Estado, aprobou a seguinte modificación do Regulamento interno do Banco de España.

Artigo único. *Modificación do Regulamento interno do Banco de España.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento interno do Banco de España, aprobado polo seu Consello de Goberno do 28 de marzo de 2000 (BOE do 6 de abril):

Primeiro.

Modifícase o número 1 do artigo 15, que en diante quedará redactado como segue:

«1. Conforme as previsións do artigo 2 da Lei de autonomía do Banco de España e demais normas aplicables, os actos administrativos que dite o Banco de España no exercicio das funcións previstas na sección 1.^a da dita lei (política monetaria) e no artigo 15 do seu capítulo II (emisión e posta en circulación de billetes), así como as sancións que, se é o caso, se impoñan como consecuencia da aplicación destas normas, porán fin á vía administrativa.»

Segundo.

A sección 8.^a do capítulo I pasará a denominarse «Persoal do Banco de España»; o actual artigo 18 será o artigo 18 bis, que manterá inalterada a súa redacción, e o artigo 18 quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 18. *Política de persoal.*

O persoal do Banco de España será seleccionado respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e está vinculado a el por unha relación de dereito laboral.

O Banco de España terá autonomía en materia de política de persoal. Sen prexuízo da dita autonomía, e sempre que iso non menoscabe a súa capacidade de realizar as súas funcións de maneira independente, o Banco de España aplicará para o seu persoal medidas en materia dos gastos de persoal equivalentes ás establecidas con carácter xeral para o persoal ao servizo do sector público, principalmente nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano. Para estes efectos, entenderanse equivalentes aquelas medidas cuxo efecto agregado sobre a masa salarial, en termos porcentuais, non supere o establecido con carácter xeral para o persoal ao servizo do sector público.

En calquera caso, o Banco de España non poderá acordar incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados para o persoal ao servizo do sector público, nin reducións retributivas que globalmente supoñan unha redución da masa salarial inferior ás porcentaxes que tales medidas supoñan para o persoal do sector público.»

Terceiro.

Suprímese o número 3 do artigo 42 e modifícase o seguinte número, que pasa a ser, a partir deste momento, o número 3 e que queda redactado como segue:

«3. Por separación acordada polo Goberno, por incapacidade permanente para o exercicio da súa función, incumprimento grave das súas obrigas, incompatibilidade sobrevida ou procesamento por delito doloso, nos termos previstos no artigo 25.4.c) da Lei de autonomía do Banco de España.»

Cuarto.

Modifícase o número 3 do artigo 46, que en diante quedará redactado como segue:

«3. O mandato do subgobernador ten unha duración de seis anos, sen posible renovación.»

Quinto.

Suprímese o número 3 do artigo 50 e modifícase o seguinte número, que pasa a ser, a partir deste momento, o número 3 e que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Por separación acordada polo Goberno, por incapacidade permanente para o exercicio da súa función, incumprimento grave das súas obrigas, incompatibilidade sobrevida ou procesamento por delito doloso, nos termos previstos no artigo 25.4.c) da Lei de autonomía do Banco de España.»

Sexto.

Suprímese a letra f) do número 2 do artigo 59 e renoméanse oportunamente as seguintes letras g) a i) dese mesmo número, que pasan a ser, a partir deste momento, as letras f) a h).

Sétimo.

Modifícase o número 5 do artigo 64, que en diante quedará redactado como segue:

«5. Os conselleiros asistirán persoalmente a todas as sesións da Comisión Executiva, salvo causa xustificada, e non poderán delegar en ningunha persoa. Non obstante a anterior norma, os membros da Comisión Executiva poderán intervir na deliberación dos asuntos sometidos á consideración do dito órgano e emitir o seu voto a través de vídeo ou audioconferencia, salvo que os restantes membros se opoñan a iso. Na acta da sesión sinalaranse o medio de comunicación empregado, a conformidade dos restantes participantes coa dita forma de intervención e a declaración de recoñecemento da identidade do interveniente.»

Oitavo.

Modifícase o número 3 do artigo 65, que en diante quedará redactado como segue:

«3. Os conselleiros executivos poderán renunciar á súa condición de membros da Comisión Executiva mediante comunicación ao Consello de Goberno.»

Noveno.

Modifícase a redacción dos números 2 e 3 do artigo 79, que pasará a ser a seguinte:

«2. Ademais, poderanse designar directores xerais adxuntos, conforme o previsto no artigo 84 do presente regulamento interno.

3. Haberá unha secretaría xeral na cal se comprenderán, esencialmente, a secretaría dos órganos reitores do Banco de España así como o departamento xurídico da institución.»

Décimo.

Modifícase a redacción do artigo 80, que pasará a ser a seguinte:

«Artigo 80. *Determinación das direccións xerais.*

1. As direccións xerais do Banco de España son:

- Dirección Xeral de Operacións, Mercados e Sistemas de Pagamento.
- Dirección Xeral de Regulación e Estabilidade Financeira.
- Dirección Xeral do Servizo de Estudos.
- Dirección Xeral de Servizos.
- Dirección Xeral de Supervisión.

2. A Comisión Executiva, por proposta do gobernador, poderá en calquera momento alterar o número e a denominación das direccións xerais, do que dará conta ao Consello de Goberno.»

Décimo primeiro.

Modifícase o artigo 81, que en diante quedará redactado como segue:

«Artigo 81. *Ámbito de actuación das direccións xerais.*

A Comisión Executiva, por proposta do gobernador, determinará as funcións e o ámbito de actuación de cada dirección xeral, do que dará conta ao Consello de Goberno. O acordo de atribución de funcións vixente en cada momento será obxecto de publicación na páxina web do Banco de España.»

Décimo segundo.

Modifícase a redacción do número 1 do artigo 82, que pasará a ser a seguinte:

«1. A Secretaría Xeral terá ao seu cargo a secretaría dos órganos reitores do Banco de España e a asistencia aos conselleiros. Corresponderalle tamén a dirección do asesoramento xurídico dos órganos reitores e, en xeral, da institución, así como calquera outra función que determine a Comisión Executiva de acordo co disposto no artigo 81.»

Décimo terceiro.

Suprímese o número 2 do artigo 83.

Décimo cuarto.

Modifícase a sección 4.^a do capítulo IV, que en diante quedará redactada como segue:

«Sección 4.^a Dos directores xerais adxuntos

Artigo 84. *Os directores xerais adxuntos.*

1. Os directores xerais adxuntos poderán ter como función asistir un director xeral no exercicio das súas competencias ou xestionar unha dirección xeral adxunta en dependencia dun director xeral ou do gobernador e do subgobernador.

2. Será de aplicación aos directores xerais adxuntos o réxime previsto nos artigos 70 a 75 do presente regulamento interno para os directores xerais, así como as limitacións e incompatibilidades destes últimos.»

Décimo quinto.

As referencias feitas no Regulamento interno do Banco de España que se detallan a continuación entenderanse substituídas polas que para cada caso se indican:

a. Todas as referencias que o Regulamento interno do Banco de España fai ao «ministro de Economía e Facenda» e ao «Ministerio de Economía e Facenda» deberanse entender realizadas ao «ministro de Economía e Competitividade» ou ao «Ministerio de Economía e Competitividade», segundo corresponda.

b. A referencia ao «Ministerio de Administracións Públicas» contida na letra d) do número 2 do artigo 59 deberase entender realizada ao «Ministerio de Facenda e Administracións Públicas».

c. Todas as referencias que o Regulamento interno do Banco de España fai ao «director xeral do Tesouro e Política Financeira» entenderanse substituídas pola referencia ao «secretario xeral do Tesouro e Política Financeira».

d. Todas as referencias que o Regulamento interno do Banco de España fai á «Comisión de Censura de Contas» entenderanse substituídas pola referencia á «Comisión de Auditoría».

e. Todas as referencias que o Regulamento interno do Banco de España fai ao «Departamento de réxime interior» e ao «director do Departamento de Réxime Interior» deberanse entender realizadas á «Dirección Xeral de Servizos» ou ao «director xeral de Servizos», segundo corresponda.

f. Todas as referencias que o Regulamento interno do Banco de España fai a «oficinas» e a «xefes de oficina» deberanse entender realizadas a «departamentos» ou «directores de departamento», segundo corresponda; entenderanse, así mesmo, substituídas as referencias ao «Servizo Xurídico» pola referencia ao «Departamento Xurídico».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de outubro de 2013.–O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.